



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 12 DE ABRIL DE 2024**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

LUCIA PICOS ANEIROS

**AUSENTES:**

Excusa a súa asistencia a Concelleira:

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:47 horas do día 12 de abril de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 01.04.2024**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 01.04.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. LICENZA DE SEGREGACIÓN 2023/U018/000006**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.04.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 12.04.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: LICENZA DE SEGREGACIÓN 2023/U018/000006**



<b>OBXECTO:</b>	Segregación urbanística (reorganización de parcelas) en San Fiz de Esteiro
<b>PROMOTOR/A:</b>	Diócesis de Mondoñedo-Ferrol
<b><u>CONSIDERACIONS URBANISTICAS:</u></b>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	Solo non urbanizable de protección agropecuaria
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Memoria de segregación para reorganización de parcelas. Adenda Febreiro 2024 Data documento: Xuño 2023
<b>TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO:</b>	Esteban García Alonso, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado COITA 1.845
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	- Resolución de autorización da Deputación Provincial da Coruña Servizo de Estradas. (Expte.: 202300039802) - Resolución de Patrimonio cultural (Exp.: 2023/247) - Resolución de Servizo de Infraestruturas Agrarias. (Rex. Saída 23489 / RX 2243299)
<b>CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 18.03.2024)</b>	- Cumprirse o condicionado da/s autorización/s sectoriais.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico por parte do Arquitecto Técnico Municipal en data 18.03.2024
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 05.04.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :


1º) Conceder a Diócesis de Mondoñedo-Ferrol a licenza de segregación urbanística solicitada, incorporando como anexo a copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 18.03.2024.

2º) Dilixenciar o proxecto e planos obxecto desta licenza.

3º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.



MEMORIA DE SEGREGACIÓN PARA REORGANIZACIÓN DE PARCELAS ESTEIRO, SAN FELI-CEDEIRA (CORUÑA), DIOCESIS DE MONDOŔEDO-FERROL



REORGANIZACIÓN DE PARCELAS

03

1:1.000

ETR589 29N

26 de junio de 2023




Esteban García Alonso  
 Ingeniero Técnico Agrónomo



FICHA

**Parcela A**

SITUACIÓN E IDENTIFICACIÓN	Iglesia y cementerio (PHA 59) Parroquia de San Fiz de Esteiro, Concello de Cedeira Referencia catastral: Registro Propiedad d
PROPIETARIO	Diócesis de Mondoñedo-Ferrol
SUPERFICIE BRUTA	5.319 m2
EDIFICACIONES	<u>Iglesia</u> Ocupación total 312 m2 Altura máxima al arranque de la cubierta 6,8 m Separación a lindeiros = 5,10 m <u>Cementerio</u> Ocupación total 614 m2 Altura máxima 4 m Separación a lindeiros = 0 m  Superficie total edificada 926 m2 / 17,4 % Ocupación total 926 m2 / 17,4 %  <b>Norte:</b> Camino Publico.
LINDEIROS	<b>Este:</b> Parcela B. <b>Oeste:</b> Hdros.
CALIFICACIÓN URBANÍSTICA	Suelo de Protección Y Conservación del Patrimonio Histórico, Artístico Y Cultural (PHA) equiparable con Suelo Rústico De Protección Patrimonial (SRPP) 1.112 m <sup>2</sup>  Suelo no urbanizable de Protección Agropecuaria(PA) equiparable a Suelo Rústico Protección Agropecuaria (SRPA) 4.207 m <sup>2</sup>
CESIONES	Non existen
INDIVISIBLE	según la normativa vigente



MEMORIA DE SEGREGACIÓN PARA REORGANIZACIÓN DE PARCELAS ESTEIRO, SAN FÍ-CEDEIRA (CORUÑA)/DIOCESIS DE MONDOŔEDO-FERROL

PARCELA A  
S 04 1:600 ETR589 29N 26 de junio de 2023








FICHA

**Parcela B**

SITUACIÓN E IDENTIFICACIÓN	Casa Rectoral (PHA 63) Parroquia de San Fiz de Esteiro, Concello de Cedeira Referencia catastral: Registro Propiedad d
PROPIETARIO	Diócesis de Mondoñedo-Ferrol
SUPERFICIE BRUTA	3.706 m <sup>2</sup>
EDIFICACIONES	<u>Casa Rectoral</u> Planta baja y planta primera Altura máxima al arranque de la cubierta 5 m Superficie ocupada 205 m <sup>2</sup> Superficie edificada 410 m <sup>2</sup> Separación a linderos = 13,83 m <u>Construcción auxiliar</u> Planta baja Altura máxima al arranque de la cubierta 2,5 m Superficie edificada y ocupada 23 m <sup>2</sup> Separación a linderos = 5 m <u>Hórreo</u> Altura máxima 4 m Superficie edificada y ocupada 6 m <sup>2</sup> Separación a linderos = 11,58 m  Superficie total edificado 439 m <sup>2</sup> Ocupación total 234 m <sup>2</sup> / 7,6 % <b>Norte:</b> Camino público. <b>Sur:</b> <b>Este</b>
LINDEIROS	<b>Oeste:</b> Parcela A.
CALIFICACIÓN URBANÍSTICA	Suelo de Protección Y Conservación del Patrimonio Histórico, Artístico Y Cultural (PHA) equiparable con Suelo Rústico De Protección Patrimonial (SRPP) 49 m <sup>2</sup>  Suelo no urbanizable de Protección Agropecuaria(PA) equiparable a Suelo Rústico Protección Agropecuaria (SRPA) 3.657 m <sup>2</sup>
CESIONES	Non existen
INDIVISIBLE	según la normativa vigente



MEMORIA DE SEGREGACIÓN PARA REORGANIZACIÓN DE PARCELAS  
ESTERO. SAN FZ-CEDEIRA (CORUÑA)/DIOCESIS DE MONDOŃEDO-FERROL

PARCELA B  
S 05

1:800

ETRS89 29N

26 de junio de 2023



Ereban Garza Alonso  
Ingeniero Técnico Agrícola - COPIA 1984

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



### 3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/00004

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.04.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 12.04.2024, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000048**

<b>OBJECTO:</b>	CONSOLIDACIÓN MURO DE VIVENDA
<b>PROMOTOR/A:</b>	
<u>CONSIDERACIONES URBANISTICAS:</u>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	Solo de núcleo rural común
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	2.103,00 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Proxecto intervención puntual para consolidación de muros de vivenda Data documento: Xullo 2023
<b>TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:</b>	Carolina Freire Diaz, Arquitecto técnico colegiado COAG 1.462
<b>DIRECTOR EXECUCIÓN:</b>	Carolina Freire Diaz, Arquitecto técnico colegiado COAG 1.462
<b>COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Carolina Freire Diaz, Arquitecto técnico colegiado COAG 1.462
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	Declaración Responsable presentada en Augas De Galicia de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía (DH.W15.96977)
<b>NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:</b>	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
<b>CONDICIONADO:</b>	<b>CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020</b>

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico favorable por parte do Arquitecto Técnico Municipal en data 20.03.2024.
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 04.04.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:





1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### **4. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO 2024**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.04.2024, que literalmente di:

##### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO 2024.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora.



A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de febreiro 2024 que empeza por cun importe de 117,78 € e finaliza cor cun importe de 76,56 € e se compón de 42 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.081,77 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de febreiro 2024 que empeza por DNI: cun importe de 37,80 € e finaliza cor cun importe de 32,40 € e se compón de 7 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 351,62 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 5. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP. 2024/G006/000086

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 11.04.2024, que literalmente di:

### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP. 2024/G006/000086.**

**Solicitud: 202399900002051**

**Data: 29.09.2023**

### ANTECEDENTES

#### Datos ben inmobile:

**Enderezo: AV**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000723482**

**Primeiro.** Preséntase solicitude para a anulación de recibos da taxa pola recollida de residuos do inmobile de referencia por cambio de titularidade.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobiles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo de 2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

### II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021.

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

### V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.



Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2022 e 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para os recibos dos exercizos 2022 e 2023 non coinciden cos anteriores.

### VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000723482	20233515022RL01R001391					2023	65,00 €
253000723482	20223515022RL01R005143					2022	62,40 €

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000723482	20233515022RL01R001391					2023	65,00 €
253000723482	20223515022RL01R005143					2022	62,40 €

**SEGUNDO.** APROBAR a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2022 e 2023 á titular do inmueble referenciado que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

### 6. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000112

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 02.04.2024, que literalmente di:

#### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000112.**

#### ANTECEDENTES



**Datos ben inmueble:**

**Enderezo:** C.

**Ref catastral**

**Nº fixo recibo:** 253000723837

**Primeiro.** Preséntase solicitude para a anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do inmueble de referencia por cambio de titularidade.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóbiles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Competencia**

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

**II. Normativa de aplicación**

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

**III. Feito imponible**

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

**IV. Devindicación**

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

**V. Inscrición e variación de datos padronais**





O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

### VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000723837	20233515022RL01R000856					2023	68,25 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000723837	20233515022RL01R000856					2023	68,25 €

**SEGUNDO.** Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.



## 7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000114

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 02.04.2024, que literalmente di:

### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000114.**

### ANTECEDENTES

#### Datos ben inmoble:

**Enderezo:**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000723765**

**Primeiro.** Preséntase solicitude para a anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do inmoble de referencia por cambio de titularidade.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

#### II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

#### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou



calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

#### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

#### V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

#### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

#### VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000723765	20233515022RL01R002047			SUMABONA SL	B70381132	2023	79,00€

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	CIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	----------------------	---------------------	----------------	-----	-----------	----------



253000723765	20233515022RL01R002047		SUMABONA.SL	B70381132	2023	79,00€
--------------	------------------------	--	-------------	-----------	------	--------

**SEGUNDO.** Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

## 8. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS POR DUPLICIDADE DE RECIBOS. EXP: 2024/G006/000127

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 09.04.2024, que literalmente di:

### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS POR DUPLICIDADE DE RECIBOS. EXP: 2024/G006/000127**

**Expediente: 2024/G006/000127**

### ANTECEDENTES

#### Datos ben inmoble:

**Enderezo: RÚ**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000645877, 253000776554**

**Primeiro.** Compróbase polos Servizos de Recadación do Concello que os recibos sinalados fan referencia á mesma referencia catastral, ó mesmo obxecto tributario e á mesma cota correspondente ao epígrafe 1.1 “viviendas recollida en zona urbana” 65,00 € (artigo 5.2 da Ordenanza), figurando como titular dos mesmos a suxeito pasivo

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da



resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

## II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

## III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

## IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

## V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

## VI. Comprobación

Compróbase que os dous recibos emitidos a nome da suxeito pasivo comparten a mesma referencia catastral e tributan pola tarifa 1.1 correspondente a vivendas en zona urbana.

Compróbase que esta duplicidade de recibos ven tendo lugar durante os exercicios 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo 253000776554 correspondente aos exercicios 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023 (recibo non prescritos) por duplicidade. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	---------------------	----------------	-----	-----------	----------





253000776554	20233515022RL01R003069	2023	71,50 €
253000776554	20223515022RL01R000229	2022	62,40 €
253000776554	20213515022RL01R000230	2021	62,40 €
253000776554	20203515022RL01R000228	2020	79,25 €
253000776554	20193515022RL01R000231	2019	79,87 €

Por último procede a baixa no Padrón do recibo.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguintes recibos, por duplicidade:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000776554	20233515022RL01R003069				2023	71,50 €
253000776554	20223515022RL01R000229				2022	62,40 €
253000776554	20213515022RL01R000230				2021	62,40 €
253000776554	20203515022RL01R000228				2020	79,25 €
253000776554	20193515022RL01R000231				2019	79,87 €

**SEGUNDO.** Aprobar a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte recibo:

<b>SUXEITO PASIVO</b>	
<b>NIF</b>	
<b>Nº FIXO</b>	
<b>REFERENCIA CATASTRAL</b>	
<b>ENDEREZO TRIBUTARIO</b>	
<b>ENDEREZO FISCAL</b>	

**TERCEIRO.** Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar estes acordos ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**9. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000130**



Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 05.04.2024, que literalmente di:

## “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000130.**

## ANTECEDENTES

### Datos ben inmoble:

**Enderezo: AV**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000644415**

**Primeiro.** Preséntase solicitude para a anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do inmoble de referencia por cambio de titularidade.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

### II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.



#### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

#### V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

#### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

#### VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes ao exercizo 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644415	20233515022RL01R004875					2023	68,25 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:



Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644415	20233515022RL01R004875					2023	68,25 €

**SEGUNDO.** Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**10. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL N. 2 DE FERROL DE DATA 03.04.2024, P.O. 167/2022 DE MARÍA DE LOS ÁNGELES VILLAR DEL RÍO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000016)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.04.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL N. 2 DE FERROL DE DATA 03.04.2024, P.O. 167/2022 DE MARÍA DE LOS ÁNGELES VILLAR DEL RÍO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000016)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado do Social N. 2 de Ferrol de data 03.04.2024 (rex de entrada nº 202499900000653, de data 04.04.2024) en relación co procedemento ordinario P.O. 167/2022 de María de los Ángeles Villar del Río contra o concello de Cedeira, cuxa decisión di:

*“(…) Acóllese parcialmente a demanda presentada por dona María de los Ángeles Villar del Río fronte ao CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, o CONCELLO DE CEDEIRA e ANA NAYA GARCÍA, SL e, en consecuencia, declárase que a relación laboral da actora é de carácter indefinido non fixo dende o 22-11-2007, e condénase ao CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR a estar e pasar por esta declaración.*

*Notifíquese ás partes a presente resolución facéndolles saber que fronte á mesma poderán interpoñer recurso de suplicación no prazo de cinco días contados desde o seguinte ao da súa notificación. (...)”*

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.



## 11. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:53 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ